

TIPO EXPTE: CONTRATO MAIOR SERVICIOS

DATA: 24/02/2017

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN POR CONCURSO ABERTO DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE "VIGO EDUCA"

CLAUSULAS

Primeira.- OBXECTO

O obxecto do presente prego é establecer as bases para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento para cada curso lectivo escolar dos desprazamentos das viaxes de ida e volta dos escolares participantes no programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" que o Concello de Vigo oferta ao longo do curso lectivo escolar, para promover o coñecemento cultural da cidade de Vigo mediante a realización e participación activa do alumnado en itinerarios e visitas didácticas á cidade de Vigo, que contribúen a aumentar o seu sentimento de pertenza e implicación coa cidade onde viven e residen.

O programa "VIGO EDUCA", constitúe unha actividade educativa municipal dependente orgánicamente do Servizo de Educación do Concello de Vigo, que se desenvolve nos termos contidos neste prego de prescricións e demais documentación que conforma o expediente.

Segunda.- FINALIDADE

A finalidade deste prego é articular os condicionantes que se indican a continuación para acadar, nas mellores condicións posibles e coa maior calidade na súa prestación, a contratación do servizo relativo á xestión do calendario de desprazamentos, organización e desenvolvemento para cada curso lectivo escolar dos desprazamentos de escolares dos centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos, solicitantes do programa educativo municipal "VIGO EDUCA".

Con este programa municipal de utilización didáctica da cidade como privilexiado recurso educativo, ao longo dos anos, o Concello de Vigo tenta fomentar no alumnado o coñecemento didáctico-cultural de Vigo e o seu entorno, posibilitando abrir os centros escolares á súa realidade circundante e complementar o proceso de ensino-aprendizaxe saíndo das aulas a través do desenvolvemento de visitas didácticas.

Terceira.- CARACTERÍSTICAS BÁSICAS E DESCRICIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

O servizo a prestar consiste no seguinte:

- O desenvolvemento do transporte gratuito de todos os participantes (alumnado e profesorado) en autobús de prazas prefixadas e que reúnan as condicións estipuladas pola lexislación vixente para o transporte escolar, dos desprazamentos escolares, na viaxe de ida partindo dos centros educativos participantes ata o punto da cidade onde teña lugar a visita didáctica a desenvolver, e na viaxe de volta co seu regreso dende o mesmo punto ata o centro educativo.
- A xestión integral cos centros educativos participantes no programa, do calendario de desprazamentos escolares, na que se inclúe a plena información, coordinación e consenso de datas e horarios con carácter previo á saída aos distintos centros de interese da cidade de Vigo, que preferentemente estarán relacionados coa variada oferta educativa municipal.
- A atención aos participantes dende o momento da saída do centro educativo e ata o regreso do destino, nos termos recollidos no presente Prego.
- A colaboración co servizo municipal de educación e baixo as directrices deste último, nas tarefas de comunicación aos centros de ensino radicados no termo municipal de Vigo, do número de visitas asignadas en función da matrícula que para cada curso lectivo escolar determine este servizo municipal.

Cuarta.- CONDICIÓN PARTICULARES DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

As ofertas dos licitadores conterán, obrigatoriamente e con cargo ao prezo do contrato, un proxecto organizativo de viaxes e/ou desprazamentos de escolares participantes no programa educativo "VIGO EDUCA" que cumpra e desenvolva a nivel organizativo, de xestión e de intendencia, canto menos os seguintes contidos mínimos:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/05/2017 14:33

Páxina 1 de 6

Expediente 18628/332

Código de verificación: 23EC4-E35B8-AA55D-5CCBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

4.1.- Obxectivos do programa educativo "VIGO EDUCA".

- Potenciar a relación entre a escola e o seu contorno dende unha perspectiva didáctica, poñendo aos nosos escolares en contacto con distintos centros de interese que atopamos na cidade de Vigo, que preferentemente estarán relacionados coa variada oferta educativa municipal.
- Promover a través de distintas visitas e percorridos didácticos pola cidade de Vigo, un coñecemento práctico da cidade onde vivimos que posibilite ao alumno/a achegarse á información necesaria para coñecer e utilizar os recursos e servizos que a cidade nos ofrece, ademais de coñecer a influencia que isto supón no tecido social actual.
- Achegar ao alumnado á realidade histórica, física, social e cultural da cidade, poñendo en práctica o concepto de aula activa, potenciando tamén o nivel de observación e comprensión do contorno circundante.
- Fomentar nos alumnos/as hábitos e actitudes de valoración e respecto sobre a cidade de Vigo e o seu contorno en xeral, e sobre o seu importante patrimonio cultural en particular.

4.2.- Destinatarios do programa.

Centros de ensino públicos e privados concertados, ubicados no termo municipal de Vigo, con alumnado de idade comprendida entre os 3-18 anos de idade e alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), correspondentes ós niveis educativos do 2º Ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos. Excepcionalmente poderá participar alumnado do 1º Ciclo de Educación Infantil da Rede de Escolas Infantís Municipais e das Escolas 0-3 anos promovidas polo Goberno Autonómico, que cumpra tres anos durante o ano natural que acontece o desenvolvemento da visita didáctica.

4.3.- Periodo prestación do Programa.

O programa "VIGO EDUCA", prestarase con carácter xeral para cada curso lectivo escolar, nos termos que se recollen no presente prego, nun periodo normalmente comprendido entre os meses de outubro-xuño, agás os festivos sinalados pola Admon educativa competente no calendario lectivo para cada curso académico

4.4.- Número de desprazamentos escolares.

A realización dun nº aproximado de 500 desprazamentos de ida e volta de escolares para cada curso lectivo escolar, que se realizarán no termo municipal de Vigo no percorrido dende os distintos centros educativos ata os distintos centros de interese didáctico a visitar, e previamente solicitados polos centros educativos participantes para realizar as visitas didácticas suxeridas polo Concello de Vigo que preferentemente estarán relacionados coa variada oferta educativa municipal, e/ou propostas polos propios centros educativos.

4.5.- Número e prazas de autobuses.

O número máximo de autobuses que deberán reunir as condicións estipuladas pola lexislación vixente para o transporte escolar, que poden facer o percorrido simultaneamente na mesma data e franxa horaria ascende a 4. Cando as necesidades de programación así o demanden, e previa autorización do Concello de Vigo, realizaranse ata un máximo de 10 viaxes simultáneas diarias dentro dos 125 días lectivos escolares útiles a efectos do programa. Fixaranse as viaxes de acordo cun calendario de desprazamentos que se irá elaborando por parte do adxudicatario ao longo do curso lectivo escolar, cuxas datas e horarios deberán ser consensuados previamente cos centros de ensino participantes.

O número standar de prazas reais que deben dispor os autobuses autorizados para o transporte escolar é de 55.

4.6.- Características dos autobuses.

Na realización dos desprazamentos escolares obxecto do presente contrato, o transportista haberá de cumprir a totalidade dos requisitos establecidos no Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar de menores, así como, adecuarse aos demais que puideran aprobarse durante a vixencia do contrato noutras normativas legais estatais, autonómicas ou locais.

Todos os vehículos que realicen os desprazamentos de escolares no marco do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA", deberán atoparse identificados mentres realicen o servizo, e deberán levar alomenos no interior do vehículo en lugar ben visible, na parte frontal e posterior do mesmo, un indicativo co logo institucional do Concello de Vigo ou logo corporativo do programa educativo previamente autorizada polo Concello.

Alomenos os 4 autobuses adscritos á prestación do servizo obxecto do presente prego, deberán instalar un vinilo na parte traseira da carrocería dos vehículos coa imaxe corporativa e institucional do programa, previamente autorizada polo Concello.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/05/2017 14:33

Páxina 2 de 6

Expediente 18628/332

Código de verificación: 23EC4-E35B8-AA55D-5CCBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Na realización dos desprazamentos escolares obxecto do presente contrato, o transportista haberá de manter o vehículo nas máis axeitadas condicións de hixiene e limpeza, así como o correcto funcionamento de todos os elementos do interior do vehículo, especialmente os que se atopan en contacto co alumnado, tales como asentos, calefacción, climatización etc ...

4.7.- Vehículos adaptados.

A empresa adxudicataria deberá dispor alomenos, dun autobús adaptado con plataforma para o traslado de alumnado con mobilidade reducida con discapacidade física motórica.

4.8.- Póliza de seguro de responsabilidade civil.

É obrigatorio a suscripción dun seguro de responsabilidade civil ilimitada que cubra a totalidade dos participantes (alumnado e profesorado) transportados na viaxe de ida e volta dos desprazamentos escolares, e que correrá a cargo do contratista, repercutindo nos custes do servizo.

4.9.- Horario de utilización.

O horario lectivo escolar no que se realizarán necesariamente as viaxes para desenvolver os diferentes itinerarios e visitas didácticas pola cidade, será o comprendido con carácter xeral entre as 10,00 e 13,00 horas dos días lectivos que se fixen no calendario de desprazamentos escolares que se vaia elaborando, coa conformidade expresa do Servizo municipal de Educación. Quedan excluídos da prestación do servizo os meses de xullo e agosto e as vacacións e festivos escolares que se fixen no calendario lectivo para cada curso académico, mediante orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A duración para o desenvolvemento da visita didáctica será de 150 minutos aprox., tendo en conta tamén os desprazamentos de ida e volta, sen prexuízo de que por necesidades de programación algunha das visitas didácticas desenvolvidas polos centros de ensino teñan unha maior duración, sempre preferentemente dentro da franxa horaria de 09,30 a 13,30 hs.

En todo caso, o horario do desprazamento escolar será coincidente co horario lectivo escolar matinal e deberá ser consensuado previamente entre a o centro educativo solicitante e a empresa adxudicataria.

4.10.- Horario de recollida.

A empresa adxudicataria deberá respectar o horario de saída de recollida do alumnado previamente consensuado co centro educativo solicitante, e que con carácter xeral sempre estará comprendido no marco da antedita franxa horaria. Deberá minimizar na medida do posible os retrasos na prestación do servizo, debendo xustificar no servizo municipal de educación as causas daqueles retrasos superiores a 15 minutos. Cando non resulte posible recoller aos escolares dentro do recinto escolar, realizarase a parada de xeito que as condicións de acceso resulten o máis seguras posibles para os escolares, situándose sempre á dereita no sentido da marcha. En todo caso, se tomarán por parte do transportista as medidas necesarias para que as maniobras para efectuar as paradas impliquen o menor risco posible para os usuarios do servizo.

Igualmente, no tempo de espera a empresa responsabilizarase do correcto estacionamento do autobús, así como do pagamento de todas as taxas e peaxes xeradas polas viaxes.

4.11.- Asignación de desprazamentos escolares.

A cada centro educativo solicitante asígnaselle un número máximo de desprazamentos para desenvolver visitas didácticas na cidade de Vigo, atendendo primordialmente a criterios de proporcionalidade segundo o número de alumnado oficialmente matriculado, cuxo dato será tomado polo Concello de Vigo da información de escolarización que traslade a administración educativa competente. Con carácter xeral, terase en conta unha discriminación positiva no número de desprazamentos outorgados en favor dos centros de ensino incluídos na rede pública.

4.12.- Número máximo de alumnado participante.

Por motivos de loxística organizativa, operatividade e aproveitamento da visita didáctica a desenvolver, o número máximo de alumnado participante, que será seleccionado polo propio centro educativo; en ningún caso poderá superar a capacidade de 55 prazas (incluído profesorado acompañante) do vehículo autorizado para o desprazamento de escolares.

4.13.- Profesorado acompañante.

Como norma xeral, o profesorado que prepare previamente a visita didáctica na aula será o que acompañe ao grupo-aula durante a realización do desprazamento, nunha proporción mínima de 1 mestre/a responsable cada 25-30 alumnos/as e coa finalidade de asegurar o bo aproveitamento da visita didáctica.

En cada un dos desprazamentos ás distintas visitas didácticas que realicen os centros educativos que preferentemente estarán relacionados coa variada oferta educativa municipal, o acompañante será o



mestre/a titor/a ou docente responsable de cada un dos grupos escolares, non podendo o condutor realizar o desprazamento sin que éste se atope a bordo do vehículo.

Será responsabilidade exclusiva dos centros de ensino participantes dispor da acreditación documental de autorización expresa dos pais/nais ou titores legais para que o alumnado poida facer a saída didáctica.

Non poderá viaxar no autobús persoal non autorizado, agás alumnado e profesorado.

4.14.- Xestión do calendario de desprazamentos escolares.

Logo da comunicación do Concello cos centros educativos para incentivar e motivar a súa participación no desenvolvemento dos desprazamentos escolares, o adxudicatario deberá desenvolver a planificación, negociación, fixación e elaboración do calendario de desprazamentos escolares cos centros participantes, de acordo coas pautas establecidas polo Concello de Vigo. Preferentemente deberá entregarse no servizo municipal de educación a programación de desprazamentos escolares con periodicidade mensual.

Estas tarefas implican a súa xestión de intercomunicación e coordinación permanente co profesorado implicado dos centros de ensino participantes e co Concello, que alomenos deberá facerse con antelación suficiente vía correo-e e comunicando datas e horarios dos desprazamentos escolares asignados.

4.15.- Información e asistencia a centros educativos participantes.

A empresa adxudicataria deberá dispor no termo municipal de Vigo da infraestrutura operativa necesaria como entidade para o correcto desenvolvemento do obxecto do contrato: dun local ou sede provisto de teléfono, fax e conta de correo-e, a efectos de coordinación e comunicación e dotado de infraestrutura de secretaría persoal e medios administrativos axeitados para recibir comunicacións dos centros educativos de Vigo e poder xestionar o calendario de viaxes e/ou desprazamentos escolares.

4.16.- Comunicación de incidencias.

A empresa adxudicataria deberá comunicar por escrito ao Concello de Vigo as posibles incidencias no prazo de 24 horas, e estará a disposición do Servizo de Educación para solucionar calquera incidencia que se produza durante a execución do contrato.

4.17.- Metodoloxía.

A metodoloxía a seguir será activa, participativa e motivadora a través dunha observación directa e guiada ao contorno circundante, e onde as actividades se contemplan como un reforzo do observado.

Os itinerarios didácticos que preferentemente estarán relacionados coa variada oferta educativa municipal, serán libremente escollidos polos centros educativos para ser visitados polo alumnado que se despraze, deberán garantir un óptimo aproveitamento pedagóxico tendo un prantexamento didáctico con contidos e obxectivos adaptados á idade do grupo escolar, con tres fases de traballo claramente definidas ao longo da visita didáctica: actividades previas, actividades durante e actividades posteriores.

4.18.- Recursos humanos adicados á prestación do servizo.

4.18.1.- Conductores.

A empresa adxudicataria disporá a participación de alomenos 4 conductores que asignará individualmente a cada vehículo proposto para a prestación obxecto do presente prego, aos que equipará con uniforme coa imaxe institucional do Concello de Vigo ou logo corporativo do programa educativo.

Cada condutor deberá dispor de alomenos un teléfono móbil de contacto, cuxos gastos correrán a cargo do adxudicatario.

O persoal condutor terá os seguintes deberes:

- ✗ Desenvolver con eficiencia profesional as viaxes escolares de ida e volta ás distintas visitas didácticas que se teñan programadas na cidade de Vigo.
- ✗ Durante o tempo completo de duración da visita didáctica, estar localizables para o profesorado e caso de ser necesario, para os responsables do Servizo de Educación.
- ✗ Cooperar co profesorado e axudar a resolver na medida das súas posibilidades calquera problema que poida xurdir durante o desenvolvemento do desprazamento.
- ✗ Informar puntualmente tanto á empresa adxudicataria como ao Servizo de Educación dos incidentes e incumprimentos das condicións establecidas que se puideran producir.
- ✗ Amosar e manter na prestación do servizo un comportamento correcto e respectuoso co alumnado e profesorado participante no programa "VIGO EDUCA".

4.18.2.- Outro persoal adscrito ao programa: Delegado.





Para a correcta coordinación, o adxudicatario designará unha persoa con responsabilidade dentro da Empresa para servir como coordinador/a xeral das viaxes e/ou desprazamentos de escolares e interlocutor co Servizo Municipal de Educación.

Este Delegado/a caso de ser preciso estará facilmente localizable mediante teléfono móbil cuxo número estará á disposición do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

4.19.- Organización xeral das viaxes e/ou desprazamentos escolares.

.As propostas dos licitadores conterán:

- Descrición da cobertura empresarial para a xestión do programa.
- Proxecto organizativo e descrición técnica do operativo que a empresa pon a disposición do programa para a atención das de viaxes e/ou desprazamentos de escolares.
- Especificación concreta e detallada das características técnicas da flota dos vehículos ofertados que terán que estar autorizados para o transporte de escolares polas administracións competentes, que permitan un desenvolvemento óptimo das viaxes e desprazamentos de escolares obxecto deste prego.
- De producírense demoras por calquera motivo nos desprazamentos sobre o horario anunciado, a empresa deberá ter establecido un protocolo de comunicación cos docentes coordinadores/as dos centros educativos participantes e co Servizo de Educación.

4.20.- Seguemento e supervisión.

- O adxudicatario entregará, no prazo máximo de 15 días contados a partir da finalización do programa anual de desprazamentos escolares, un balance final anual estadístico da actividade, na que se incluírá a súa avaliación con indicadores cuantitativos e cualitativos das prestacións realizadas, xunto cunha enquisa de control e medición da satisfacción dos centros participantes sobre a prestación da actividade.
- O Servizo de Educación municipal realizará un seguemento da actuación da empresa prestataria do Programa, solicitando cantos documentos e informes sexan necesarios para o control do mesmo
- O Servizo de Educación do Concello de Vigo, tamén exercerá a supervisión do programa a través do contacto permanente co responsable da empresa que preste este servizo e cos equipos directivos dos centros participantes no programa "VIGO EDUCA".

Quinta.- PERSOAL

O adxudicatario deberá achegar con carácter previo á formalización do contrato a documentación acreditativa dos requisitos de méritos e capacitación que deberán reunir o coordinador xeral do programa (un) e a totalidade dos integrantes da equipa de conductores (catro mínimo).

A estos efectos, con respecto ao coordinador/a xeral do programa e á totalidade dos conductores, deberán aportar a documentación acreditativa da súa experiencia práctica na xestión e realización de viaxes e/ou desprazamentos con escolares.

Consonante coa normativa legal vixente de protección xurídica do menor, de todo o persoal que se adscriba ao programa municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" e cuxa actividade implique contacto habitual con menores, se deberá achegar a certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

A contratación dos/as conductores/as necesarios/as, por parte da empresa adxudicatoria do servizo, realizarase en calquera das modalidades previstas na normativa laboral vixente, agás mediante contratación por empresas de traballo temporal, que só se poderá realizar en caso de urxencia e previa comunicación motivada ao Concello de Vigo. En ningún caso as circunstancias da contratación laboral suporá vínculo laboral algún deses traballadores/as co Concello de Vigo.

O número de conductores/as que se inclúa na proposta que se presente ao concurso, será o axeitado aos parámetros indicados nos diferentes pregos, e garantirá o desenvolvemento idóneo das prestacións contempladas neste prego, para a boa marcha xeral do programa.

O adxudicatario garantirá en todo momento o desenvolvemento normal da actividade de transporte escolar e estará obrigado, se fose o caso, a cubrir as baixas temporais no cadro de conductores/as, que por motivos de enfermidade ou calquera outra circunstancia que lles impida exercer o seu labor se poidese producir. En todo caso, de ser necesaria a substitución definitiva dun/ha conductor/a, o seu/súa substituto/a deberá reunir as características e requisitos mínimos esixidos ao titular e a capacitación dabondo para exercer as mesmas funcións. Este feito deberase comunicar en cada ocasión ao Servizo municipal de Educación, que dará a súa conformidade.

Sexta.- PRESUPUESTO DE GASTOS

A distribución de gastos para a organización e desenvolvemento das viaxes e/ou desprazamentos de escolares participantes no programa educativo municipal "VIGO EDUCA", realizarase do seguinte xeito:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/05/2017 14:33

Páxina 5 de 6

Expediente 18628/332

Código de verificación: 23EC4-E35B8-AA55D-5CCBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Correrán **por conta do adxudicatario** os seguintes conceptos:

- ✓ Todos os gastos do persoal (retribución económica, telf móbil, seguros...) que se adscriban ao programa por parte do licitador na súa oferta: coordinador/A xeral, conductores/as e persoal administrativo necesario para a xestión integral da elaboración do calendario das viaxes e/ou desprazamentos de escolares participantes no programa, así como os medios materiais e de infraestrutura necesarios para desenvolver idóneamente as prestacións contempladas neste prego, e para contribuir a boa marcha xeral do programa.
- ✓ A realización, nas datas, horarios e condicións fixadas, das viaxes escolares entre o colexio participante e o centro de interese a visitar, e viceversa, con vehículos de prazas prefixadas e que reúnan as condicións estipuladas pola lexislación vixente para o transporte escolar.
- ✓ Todos os custes de combustible derivados da realización dos traxectos de ida e volta dos desprazamentos escolares.
- ✓ Custes do mantemento mecánico da flota de vehículos proposta para a prestación do servizo.
- ✓ Custes de fornecemento de vehículos e persoal alternativo, para facer fronte aos imprevistos ou avarías mecánicas, e doutra índole, que se poidan producir como consecuencia da prestación do servizo, que necesariamente deberán cumprir as condicións recollidas neste prego.
- ✓ Custes Póliza de seguros de responsabilidade civil que cubra a totalidade do desprazamento escolar, desde a saída do centro ata o regreso ao mesmo.
- ✓ Material inventariable que o adxudicatario considere imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

Correrán **por conta do Concello de Vigo** os seguintes conceptos:

- ✓ A tramitación da facturación mensual correspondente pola prestación dos desprazamentos escolares efectuados.
- ✓ Para a supervisión e seguimento xeral da actividade, o Concello de Vigo asignará un técnico concreto ao programa, cuxo nome e cargo será comunicado ao adxudicatario.

Sétima.- SEGUIMIENTO DO CONTRATO

1. O Concello de Vigo a través do Servizo de Educación fará o seguimento do contrato, solicitando á adxudicataria os TC1 e TC2 e cantos documentos e informes sexan necesarios para o control do mesmo.
2. Asímesmo, o Concello realizará a supervisión dos despramentos escolares que se desenvolvan no marco do programa educativo municipal "VIGO EDUCA", e que deberán corresponder á proposta adxudicada.
3. O Servizo municipal de Educación tramitará a información mensual de fiscalización do gasto á Intervención Municipal, conforme os pagamentos que se realizan mensualmente á empresa xestora, adxudicataria das viaxes e desprazamentos escolares do programa educativo municipal "VIGO EDUCA" que se corresponde exactamente cos servizos prestados
4. O Servizo de Educación supervisará o balance final anual estadístico da actividade que deberá elaborar a empresa adxudicataria.

O TÉCNICO DO SERVIZO DE EDUCACIÓN

Asdo: Pedro M^a Vázquez Iglesias



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/05/2017 14:33

Páxina 6 de 6

Expediente 18628/332

Código de verificación: 23EC4-E35B8-AA55D-5CCBD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>